



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAOITO DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000003

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, en segunda convocatoria ás dez horas e trinta minutos do día dezaoto de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 19 de data 17 de xaneiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López e Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 11.01.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 11.01.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.-APROBAR A CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA AO SUMINISTRO E MONTAXE DE EQUIPOS ELECTRÓNICOS PRECISOS PARA A ACTUACIÓN DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva asociada ao suministro e montaxe de equipos electrónicos precisos para a actuación de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS

“Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014

A este efecto, determina o apartado 5 do Prego de prescricións técnicas referido ao suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de MELLORA DE

EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS que (...) a obra terá un prazo de garantía de UN (1) ANO contado a partir da data de recepción.

Examinado o expediente 2019/C005/000003 consta Acta de recepción do suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS asinada en data 17 de setembro do 2021

Ao abeiro do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014. o Director facultativo da obra redactou informe favorable respecto ao estado da MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS en data 10 de xaneiro do 2024.

Según informe emitido pola Tesourería municipal en data 9 de xaneiro do 2024, (...) comprobada a oportuna documentación, constan depositados ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño en data 23 de decembro do 2020.

Núm. operación	Núm. aval bancario	Importe	Concepto
320200000642	663986	482,25 €	Garantía Definitiva suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de mellora da eficiencia enerxética no polideportivo de Meirás
320200000643	663985	482,25 €	Garantía Complementaria suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de mellora da eficiencia enerxética no polideportivo de Meirás

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

Primeiro.- Devolver as garantías asociadas ao suministro e montaxe de equipos eléctricos necesarios para a actuación de MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS con referencias contables 320200000642 e 320200000643 que constan a nome de Electricidad Permuy S.L. con C.I.F. núm. B15677024.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X002//000001).

3º.- APROBACIÓN CONCESIÓN ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL FUNCIONARIO SEGUNDO ACORDO REGULADOR -

PROPOSTA DA ALCALDÍA

“CONCESIÓN DE ANTICIPO REINTEGRABLE A PERSOAL FUNCIONARIO SEGUNDO ACORDO REGULADOR

Vista a solicitude presentada por [REDACTED] en data 11/01/2024, funcionario do Concello de Valdoviño, no que solicita a concesión dun anticipo reintegrable de catro mensualidades a devolver en corenta mensualidades, trasládase a documentación indicada á Intervención Municipal e solícítase que emita informe de fiscalización da previa.

Dando constancia do indicado da conta da existencia de crédito adecuado e suficiente dispoñibles na aplicación 920 830 00, proponse:

PRIMEIRO: Conceder un anticipo de [REDACTED] € a [REDACTED] de acordo co establecido no artigo 20.1.d) do acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios e funcionarias do Concello de Valdoviño, a devolver en 40 mensualidades.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde;

Asdo; Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999//000005).

4º.- APROBACIÓN DAS BASES DO XXIV FESTIVAL DO ENTROIDO 2024 DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Manifestando a Corporación Municipal o interés en celebrar un festival de entroido , coa fin de promover unha das festas cíclicas tradicionais máis importantes de Galicia e de recuperar a tradición popular destas datas no Concello de Valdoviño preséntanse as bases que rexerán no XXIV FESTIVAL DO ENTROIDO 2024 no Concello de Valdoviño.

No festival participárase nunha categoría única ou xeral que abrangue distintas modalidades: comparsa, grupo grande, grupo pequeno, parella, individual e accésit segundo se contempla nas bases.

O importe total destinado a esta actividade será de 3.450,00 euros (tres mil catrocentos cincuenta euros).

Pasarase a dar difusión da convocatoria e publicidade das bases establecidas a través do taboleiro de anuncios da casa da cultura, da prensa, da páxina web, das redes sociais do concello e do SMS así como a través do BOP da provincia da Coruña.

Á vista do anteriormente exposto esta Alcaldía propón que se adopte o seguinte acordo :

PRIMEIRO ; Aprobar as Bases que rexerán no XXIV Festival do Entroido 2024 e as axudas en gratificacións e premios que se recollen nas mesmas para os participantes por un importe total de 3.450,00 euros como máximo con cargo a aplicación orzamentaria 334.48000 .

Valdoviño a 17 de xaneiro de 2024.

Alcalde

Alberto González Fernández "

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999//000009).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/